

CONVOCATORIA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN RESPONSABLE EN SAÚDE 2022 (RRI)

O Instituto de Saúde Carlos III publicou a convocatoria de Investigación e Innovación Responsable en Saúde (RRI) para o ano 2022. Esta convocatoria ten como obxectivo promover a identificación, recoñecemento e difusión de boas prácticas de RRI en saúde desenvoltas nos IIS acreditados polo ISCIII, fomentando ao mesmo tempo unha aprendizaxe compartida que mellore a implementación dos principios de RRI nas actividades dos IIS e favoreza a diseminación de boas prácticas.

A RRI persegue fomentar a participación activa das persoas na ciencia e a innovación desde as fases máis temperás dos proxectos de investigación, para que os resultados obtidos estean o máis aliñados posible coas necesidades sociais. Non só busca impulsar a participación cidadá, senón que tamén avoga polo acceso aberto á ciencia, a igualdade de xénero, a educación científica, a gobernanza e a ética.

Na convocatoria seleccionaranse un total de tres candidaturas, as mellor valoradas por unha comisión independente. Cada IIS poderá presentar un máximo de tres solicitudes e estará aberta a todos os acreditados e ao seu persoal asignado en relación coa acción en RRI presentada.

As propostas deberán incluír un formulario de solicitude, a memoria do proxecto, un vídeo descritivo sobre a actividade levada a cabo no proxecto, cuxo ligazón se integrará na memoria, e unha declaración de consentimento informado, cesión dos dereitos de propiedade intelectual e aceptación dos termos e condicións do concurso.

O prazo para a recepción de propostas ábrese dende o 7 de setembro ata o 22 do mesmo mes. Os criterios que se valorarán para a concesión dos premios serán a excelencia, o impacto e a implantación de cada unha das accións presentadas.

No lateral dereito dispoñedes dun acceso a convocatoria e unha guía de instruccións.

LIGAZÓNS

ASOCIADAS

Bases da
Convocatoria de
Investigación e
Innovación
Responsable en
Saúde

Guía de
instruccións da
convocatoria

FAQ